

BASES DO CONCURSO “RASCA E GAÑA” - CAMPAÑA NADAL 2020-2021
ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE A ESTRADA

A Asociación de Comerciantes da Estrada (en diante ACOE), realizará un sorteo dirixido a tódolos comercios asociados a ACOE e destes a os seus clientes.

PRIMEIRA.- AMBITO DE APLICACIÓN

Levarase a cabo no Concello da Estrada.

SEGUNDA.- OBXECTIVO DO SORTEO

O obxectivo é promocionar e provocar a compra nos comercios asociados do noso concello e aumentar e mellorar o grado de fidelización.

TERCEIRA.- CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN

Para participar na campaña o comercio ten que estar asociado a ACOE. Actualmente están asociados 125 comercios. O cliente só ten que mercar e a partir de 5€ de compra, entregaráselle unha tarxeta de rasca.

CUARTA.- MECÁNICA DE PARTICIPACION

Entre tódolos comercios asociados repártense 200.000 unidades de “RASCA E GAÑA”, levando 400 unidades cada comercio. As tarxetas levan premios de Ordenadores, t.v., bicis para adultos e nenos, botellas de sidra, altavoces bluetooth, mascarillas, paraugas, gorros nadal, pack oficina, tickets aparcamento, cestas con produto local, vales con importes de 25€, xogos de cartas, xogos de mesa, descontos en combustible, balóns de fútbol, descontos en comercios varios, bolsos, cinturóns, libros, tazas, puzzles, consumicións en hostalaría, almorzos, comidas, ceas, etc. Un total de 8.000 premios directos. O resto de papeletas rasca e gana, entraran nun sorteo de 5 vales de 1.000€ cada un. Para participar terán que poñer nome, apelido e número de teléfono detrás da mesma tarxeta de rasca e depositalo na urna que cada comerciante poñerá ao dispor do cliente.

O comerciante fai entrega dos “Rasca e Gaña” o seu cliente despois de que éste teña feita unha compra mínima de 5€, e non se entregarán máis de 10 rascas por persoa e compra, independentemente do gasto efectuado na mesma. Se o “Rasca e Gaña” é premiado, pasará pola oficina da ACOE, para poder recibir o premio, ou poderá contactar no teléfono 607165928.

As tarxetas de rasca non premiadas, entrarán nun sorteo de 5.000€, repartidos en 5 vales de 1.000€ cada un. O sorteo levarase a cabo o día 8 de xaneiro 2021, lugar por determinar. Os vales terán que ser consumidos nos 15 días seguintes, non aceptándose nos comercios a partir do día 24 de xaneiro 2021.

QUINTA.- DURACIÓN DA CAMPAÑA

A duración da campaña será dende o día 7 de Decembro 2020 ata o 8 de Xaneiro 2021.

SEXTA.- CESIÓN DA IMAXE

Ao participar enténdese que acepta a difusión da súa imaxe e a cesión dos seus datos persoais.

SEPTIMA.- DEREITOS

A Acoe, reservase o dereito a poder modificar algunha das bases sen previo aviso.

Asinan:

ALFREDO GONZÁLEZ OTERO
PRESIDENTE

JORGE FUENTES CARBALLEDA
SECRETARIO